

Gordillismo

A Fundación Caixa Galicia proponnos estes días un percorrido pola obra de Luis Gordillo, un dos pintores máis internacionais do panorama artístico español. Os gravados presentes na mostra permítenlle ó gran público achegarse ó goso da produción do artista na que hai unha sutil convivencia xestual-racional. O fin dos formulamentos do artista é ofrecernos unha obra aberta pero ancorada nas profundidades do seu aspecto vivencial. Toda ela contén unha maxistral síntese chea de emoción que xorde ó cruzar liñas que simulan graffitis. Produce así un estoupido pragado de crise, tensións, oposicións que reclaman un pálpito de liberdade. En toda a súa obra hai unha visible intención de debuxar e de colorear sobre o espacio, a miúdo, o non cor que emprega é tan cor como a cor viva.

Non estamos ante un pintor fiel a un estilo, pois o seu temperamento profundamente meditativo, levouno a practicar unha ampla gama das tendencias en boga do momento (Surrealismo, Informalismo, Nova Figuración, Pop). Non obstante, a pesar de non poder adscribilo inequivocamente a unha corrente, nos seus cadros hai sempre un selo persoal que vén marcado polo debuxo e pola cor. Todo o que to-

ca co seu pincel sofre unha descarga do seu modo de sentir, ver ou pensar. A descarga é precisamente un debuxo característico, "un debuxo telefónico", automático. A mostra é unha antoloxica que nos pasea por tódalas etapas do quefacer.

Así dos anos 70 quedamos cunha esquizofrenia da cor, coas súas imaxes "pop", onde abundan os duples, desdobrementos dun mesmo deseño. A súa obsesión pola psicoanálise lévao a pintar cabezas como "A Fumadora". Utiliza unha planimetría da cor que nos lembra o cartelismo americano. Nos 80 volve a un certo informalismo cunha pintura menos figurativa e de maior complexidade simbólica. A década dos 90 vólveo máis visceral, vaise decantar polo organismo humano que descobre ó analizarse el mesmo como podemos ver a través da serie "El Frontal". Nela contemplamos meándros que veñen representalas diferentes canles, toda a enérxia e movemento da súa vida. En tódolos seus estilos a vea do artista consiste nun debuxo resolto a modo de vibracións coma se fosen as que produce unha máquina de coser, isto vese nos seus maniqués do seu libro "Costuras".

Fátima Otero